




Introdución

Un climograma, ou diagrama ombrotérmico, é un gráfico que nos permite analizar a precipitación mensual e as temperaturas medias mensuais ao longo dun ano nun lugar determinado. Este climograma pertence á cidade de Almería (Andalucía) e a estación meteorolóxica que rexistrou os datos está a 20 m de altitude.

Como podemos ver, o climograma componse de 3 eixos: o eixo horizontal representa os meses do ano, o eixo vertical dereito as precipitacións en mm, e o eixo vertical esquerdo as temperaturas en graos centígrados. No gráfico, as temperaturas son representadas mediante unha liña vermella e as precipitacións mediante barras azuis.

Comentario

A precipitación é moi escasa, con un rexistro de 196 mm anuais. O máximo de precipitación mensual atopámolo no outono, nos meses de outubro e novembro, con 28 mm respectivamente. O máximo secundario rexístrase no inverno, con un total de 23 mm nos meses de xaneiro e decembro. Pola súa banda, a precipitación mínima atópase nos meses centrais do verán, xullo e agosto, con un total de 1 mm por mes.

En canto ás temperaturas, a temperatura media anual é alta, xa que acada os 18,7°C. A temperatura media máxima rexístrase no verán, no mes de agosto con 26,4°C. O máximo secundario atópase no mes de xullo, con 25,7°C. Por outra banda, a temperatura media mínima rexístrase no inverno, no mes de xaneiro con 12,5°C; e a mínima secundaria en febreiro con 13,2°C. A amplitude térmica (diferencia entre o mes máis cálido e o mes máis frío) é moderada, con 13,9°C. Isto débese a influencia moderadora do mar.

Por último, se atendemos ao índice de aridez de Gaussen, observamos que non existen meses húmidos, senón que se rexistra aridez durante todos os meses do ano. Isto é debido a que a liña

de temperaturas supera a barra de precipitacións todos os meses. Cabe sinalar que existen outros índices para calcular a aridez, como o De Martonne.

En base ao análise realizado podemos **concluir** que estamos ante un clima mediterráneo subdesértico. Este tipo de clima está presente no surleste peninsular (Almería e Murcia) e no val do Ebro. A súa característica principal é a baixa precipitación anual, entre os 150 e os 300 mm, o cal lle confire un carácter subdesértico. Aínda que o climograma non nos dese a información sobre a cidade á que pertence (Almería), poderíamos deducir que estamos na área do surleste peninsular correspondente a este clima e non na zona norte do val do Ebro, porque a temperatura media anual supera os 18°C. Na zona do val do Ebro, a temperatura media anual é máis baixa de 18°C e rexístrase unha precipitación máis próxima aos 300 mm.

En Almería e no resto do surleste peninsular, a aridez obedece a tres causas: a zona atópase nunha sombra pluviométrica, protexida das borrascas atlánticas polos Sistemas Béticos, as borrascas mediterráneas chegan con dificultade e son frecuentes as entradas de masas de aire secas procedentes de África. Só as borrascas que penetran polo estreito ou as formadas ocasionalmente no mar de Alborán provocan precipitacións. No cabo de Gata chégase ao clima desértico, menos de 150 mm de precipitación anual.

En canto ás temperaturas, cabe sinalar que estas varían en función da latitude e da distancia ao mar. No surleste peninsular, a temperatura é cálida, con medias anuais que superan os 18°C. Os veráns son cálidos e os invernos son moi suaves, con temperaturas que non baixan dos 10°C.

O clima mediterráneo subdesértico pertence ao dominio climático mediterráneo da península Ibérica, no cal atopamos outros dous subtipos: o mediterráneo costeiro e o mediterráneo continentalizado.